- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 40 do TRLRFL no que se establece que as subvencións de toda índole que obteñan as Entidades Locais con destino as súas obras e servizos non poderán ser aplicadas a atencións distintos de aquelas para as que foron outorgadas, salvo que, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.



- Artigo 181 do TRLRFL que sinala que poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións; a) aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Artigo 30 do RD 500/1990, en atención ao cal os créditos consignados no Orzamento de gastos, así como os procedentes das modificacións orzamentarias, con carácter xeral, en calquera das tres situacións seguintes: a) créditos dispoñibles; b) créditos retidos pendentes de utilización; c) créditos non dispoñibles.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.



- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 09/02/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 09/02/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/02/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vila de Cruces* CIF P3605900D a cantidade de 295.679,41 euros, con destino ao financiamento do investimento “*(Achega Municipal ó REACPON) Mellora da rúa Vázquez desde o entronque coa Rúa Sergio Iglesias Pazos ata o entronque coa Travesía Vázquez 2*” (Expediente:2022005678) cun orzamento polo importe de 892.360,54 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2022	892.360,54	295.679,41	596.681,13	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	892.360,54	295.679,41	596.681,13	0,00

- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentario correspondente do Programa REACPON e realizaranse as oportunas operacións en formalización.
- Convén lembrar que a execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, “Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia) aprobado por acordo plenario núm. 7.7624 de 28/05/2021 (BOPPO nº 102 do 01/06/2021) sen que en ningún caso poida exceder dos prazos que se recollen na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Ase mesmo, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o concello de Vila de Cruces deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Vila de Cruces*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.31311.- APROBACIÓN DA I ADDENDA AOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE: ARBO, MONDARIZ BALNEARIO, A GUARDA, PONTECESURES, RODEIRO, MEIS, CATOIRA, SILLEDA, MORAÑA, OIA, FORCAREI, TOMIÑO, CALDAS DE REIS, SALCEDA DE CASELAS, DOZÓN, O GROVE, A LAMA, A ESTRADA, PORRIÑO, VILABOA, TUI, A MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL BAIXO MIÑO E A MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, PARA A IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA (EXPTE. 2022006690).

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación en sesión ordinaria do 16 de outubro de 2020, aprobou o “convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.” (Exp. 2020036145), cuxa vixencia se estende ata o 1 de abril de 2022.

Segundo.- Mediante acordo da Xunta de Goberno en data 23 de decembro de 2021 prorrogouse o contrato que rexe a presentación do servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Exp. 2020029219) cuxa duración se estende ata o 10 de marzo de 2023, ao concorrer razóns de interese público que esixen a súa continuidade.

Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2022, foi aprobada I Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica, co fin é ampliar a vixencia do convenio ata o 10 de marzo de 2023, data de finalización da primeira prórroga do contrato que rexe a prestación do “servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Exp. 2020029219).

Cuarto.- Para a formalización da devandita I addenda ao convenio de colaboración as Entidades Locais interesadas deben proceder a súa aprobación.



Quinto.- Recibíronse ata o de agora as aprobacións da I addenda ao convenio, das seguintes Entidades Locais: Concello de Arbo, Concello de Mondariz Balneario, Concello de A Guarda, Concello de Pontecesures, Concello de Rodeiro, Concello de Meis, Concello de Catoira, Concello de Silleda, Concello de Moraña, Concello de Oia, Concello de Forcarei, Concello de Tomiño, Concello de Caldas de Reis, Concello de Salceda de Caselas, Concello de Dozón, Concello de O Grove, Concello de A Lama, Concello de A Estrada, Concello de O Porriño, Concello de Vilaboa, Concello de Tui, a Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño e a Mancomunidade do Salnés.

Cuarto.- A aprobación das I addendas ao convenio xa conta co financiamento máximo que se considera necesario, segundo consta no expediente de contratación número 2020029219.

Vista a dilixencia de conformidade da Intervención Xeral de data 14 de febreiro de 2022.

Por todo o exposto, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar as presentes I addendas, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a I addenda aos convenios de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as seguintes Entidades Locais: Concello de Arbo, Concello de Mondariz Balneario, Concello de A Guarda, Concello de Pontecesures, Concello de Rodeiro, Concello de Meis, Concello de Catoira, Concello de Silleda, Concello de Moraña, Concello de Oia, Concello de Forcarei, Concello de Tomiño, Concello de Caldas de Reis, Concello de Salceda de Caselas, Concello de Dozón, Concello de O Grove, Concello de A Lama, Concello de A Estrada, Concello de O Porriño, Concello de Vilaboa, Concello de Tui, a Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño e a Mancomunidade do Salnés, para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.

Segundo.- Aprobar as liquidacións, segundo o previsto no modelo de contraprestación económica, Anexo I do convenio de colaboración, rateadas desde o 1 de abril de 2022 ata o 10 de marzo de 2023, tomando como referencia o número de habitantes de cada concello na última actualización de poboación do Instituto Nacional de Estatística (INE).

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Novas Tecnoloxías, para que no prazo previsto na cláusula sexta do convenio, notifique as correspondentes cartas de pagamento de acordo co seguinte detalle:

	ENTIDADE LOCAL	POBOACIÓN	PAGAMENTO POR ENTIDADE
1	CONCELLO DE ARBO	2.599	942,47 €
2	CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO	675	942,47 €
3	CONCELLO DE A GUARDA	9.991	2.356,16 €



4	CONCELLO DE PONTECESURES	3.081	1.413,70 €
5	CONCELLO DE RODEIRO	2.361	942,47 €
6	CONCELLO DE MEIS	4.796	1.413,70 €
7	CONCELLO DE CATOIRA	3.316	1.413,70 €
8	CONCELLO DE SILLEDA	8.845	2.356,16 €
9	CONCELLO DE MORAÑA	4.121	1.413,70 €
10	CONCELLO DE OIA	3.104	1.413,70 €
11	CONCELLO DE FORCAREI	3.268	1.413,70 €
12	CONCELLO DE TOMIÑO	13.730	3.298,63 €
13	CONCELLO DE CALDAS DE REIS	9.788	2.356,16 €
14	CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS	9.249	2.356,16 €
15	CONCELLO DE DOZÓN	1.057	942,47 €
16	CONCELLO DE O GROVE	10.699	3.298,63 €
17	CONCELLO DE A LAMA	2.410	942,47 €
18	CONCELLO DE A ESTRADA	20.261	5.183,56 €
19	CONCELLO DE O PORRIÑO	20.212	5.183,56 €
20	CONCELLO DE VILABOA	5.955	2.356,16 €
21	CONCELLO DE TUI	17.398	4.241,10 €
22	MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL DO BAIXO MIÑO	-	-
23	MANCOMUNIDADE DO SALNÉS	-	-

Cuarto.- Facultar á presidenta para a formalización das mencionadas I addendas ao convenio mediante a súa sinatura.

14.31312.- CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS POR ASISTENCIA Á FORMACIÓN DO PROXECTO “LABORA 2020” COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO DE ITINERARIOS FORMATIVOS INICIADOS EN SETEMBRO E OUTUBRO DE 2021 (Expte.2020038225).

Resultando que o Pleno da Corporación provincial, na súa sesión ordinaria do día 28 de decembro de 2018, adoptou, entre outros, o acordo número 11.7237, no que se aprobou o proxecto “Labora 2020” no marco da convocatoria de 2018 de axudas do Fondo Social Europeo (FSE), previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP-POEFE) e cofinanciado nun 80 % polo FSE (Resolución de 23 de marzo de 2018 da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais).



Considerando que no artigo 8.b) da mencionada Resolución faise referencia, entre outros gastos subvencionables, á axuda económica ás persoas participantes nos itinerarios, que cubrirá os gastos de asistencia á formación, transporte, manutención, aloxamento e conciliación co coidado de familiares.

Resultando que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo (nº 3.28651) de aprobación das bases do programa de axudas económicas por asistencia á formación do proxecto “LABORA 2020” cofinanciado polo Fondo Social Europeo. Foron publicadas no BOPPO (nº 44) do 5 de marzo do 2020 e que de acordo co punto primeiro das mencionadas bases a súa vixencia “abrange desde o día seguinte á súa publicación ata a finalización do proxecto (...)”.

Resultando que con data do 20 de setembro do 2021, a Xunta de Goberno adoptou, entre outros, o acordo nº 16.30791 de modificación das bases reguladoras da convocatoria de axudas económicas por asistencia á formación do proxecto “Labora 2020” cofinanciado polo Fondo Social Europeo. Considerando que a convocatoria das citadas bases permanece aberta durante o período de vixencia do proxecto “Labora 2020”, de acordo ao disposto na base 4ª “O prazo de presentación de solicitudes para a concesión da axuda será de quince días hábiles desde a incorporación da persoa participante á acción formativa.”

Resultando que finalizado o prazo de presentación de solicitudes dos cursos iniciados en setembro e outubro, das 68 solicitudes presentadas en prazo (sen contar 1 solicitude duplicada), 59 reúnen as condicións establecidas nas bases do proxecto “Labora 2020” así como os requisitos esixidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, quedando 9 solicitudes excluídas.

Considerando que a instrución do procedemento realizouse de conformidade co previsto nas bases do citado programa, e en concordancia co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

En virtude diso, vistas as solicitudes presentadas, vistos os informes-proposta do xefe de servizo de data 17 de xaneiro de 2021 e 21 de xaneiro de 2021, vistas as actas-informes da Comisión de valoración de data 27 de xaneiro de 2022 e de data 07 de febreiro de 2022, vistas as Resolucións Presidenciais nº 2022000868 de 02 de febreiro de 2022 e nº 2022000983 de 08 de febreiro de 2022 aprobando as propostas definitivas de persoas admitidas e excluídas da percepción das axudas económicas por asistencia á formación do proxecto “Labora 2020” cofinanciado polo Fondo Social Europeo dos itinerarios formativos iniciados en setembro e outubro de 2021, respectivamente.

Visto o informe-proposta do xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 8 de febreiro de 2022 respecto da proposta de concesión e desestimación das axudas para a formación do Proxecto Labora 2020, dos itinerarios iniciados no mes de setembro e outubro de 2021.



Vista a dilixencia de fiscalizado e conforme respecto da citada proposta de concesión e desestimación destas axudas.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e de conformidade co establecido nas bases do proxecto “Labora 2020”, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais lexislación concordante de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a concesión das axudas económicas por asistencia á formación do proxecto “Labora 2020” cofinanciado polo Fondo Social Europeo de itinerarios formativos iniciados en setembro e outubro de 2021 relacionadas no Anexo I.

Non obstante o anterior e de acordo co disposto nas base 10ª relativa a modificacións e reintegro de axudas “*Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión das axudas poderá dar lugar a modificacións da resolución de concesión, segundo se prevé no artigo 17.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).*”

As axudas concedidas deberán serlle devoltas ou reintegradas á Deputación de Pontevedra nos seguintes casos:

- a) Por superar o límite de ausencias do 10 % das horas totais de duración do itinerario*
- b) Por obtelas falseando as condicións requiridas*
- c) Por incumprir as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases*
- d) Por abandono do itinerario formativo*
- e) Nos demais casos previstos no réxime xurídico das subvencións”*

2.- Desestimar as solicitudes presentadas á convocatoria por incorrer en unha ou varias causas de exclusión previstas na mesma relacionadas no Anexo II.

3.- Transcorrido o prazo de 10 días, contados desde o día seguinte á publicación no BOPPO e na Base de Datos Nacional, sen que se producise manifestación expresa da aceptación por parte das persoas beneficiarias entenderase tacitamente aceptada, de acordo co artigo 21.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

4.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria seguinte 22/240.2426.481.01.2019 polo importe máximo de 72.092,00 € e comprometer o gasto para cada unha das persoas beneficiarias e na contía que se relaciona no Anexo I.

5.- Publicar o acordo no BOPPO, BBDDNN e na web da institución provincial e a súa notificación, no seu caso, ás partes interesadas.



ANEXO I

RELACIÓN DE PERSOAS ADMITIDAS DAS AXUDAS POR ASISTENCIA Á FORMACIÓN DO PROXECTO “LABORA 2020” COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO SEGUNDO ITINERARIO FORMATIVO INICIADOS EN SETEMBRO E OUTUBRO DE 2021

- ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓN SOCIAIS, IMPARTIDO NA LOCALIDADE DE PONTEVEDRA (CÓDIGO OP070 I003 E004):

Número máximo de días de asistencia con dereito á axuda: 96

DNI/CIF	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Importe Máximo Axudas
****521**	ALONSO	GONZALEZ	ESTRELLA	1.291,20 €
****200**	CANCINO	SANCHEZ	SULMA	1.291,20 €
****574**	CONDE	CASTROMAN	LORENA	1.291,20 €
****495**	CUBEL	AYANZ	MARIA JOSE	1.291,20 €
****193**	IGLESIAS	SANTISO	MARIA DEL CARMEN	1.291,20 €
****499**	MANCUELLO	BIARDO	MARINA VERONICA	1.291,20 €
****273**	MATA	CID	LORETO	1.291,20 €
****068**	TOURINO	VAZQUEZ	ESMERALDA	1.291,20 €
****956**	VAZQUEZ	PEREZ	ROSA MARIA	1.291,20 €
TOTAL				11.620,80 €

- ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO, IMPARTIDO NA LOCALIDADE DE VIGO (CÓDIGO OP070 I004 E005):

Número máximo de días de asistencia con dereito á axuda: 126

DNI/CIF	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Importe Máximo Axudas
****968**	ALMUIÑA	ESTEVEZ	MARIA AMELIA	1.694,70 €
****723**	CAMPO	FRAMIL	LORENA	1.694,70 €
****400**	CASTRO	DAVILA	NORMA LUZ	1.694,70 €
****275**	COSTA	PAZ	MARIA DOLORES	1.694,70 €
****265**	FERNANDEZ	ESTEVEZ	ALEJANDRO JAVIER	1.694,70 €
****622**	FERNANDEZ	LUACES	MARIA AURORA	1.694,70 €
****574**	HENRIQUEZ	GOMEZ	MARISOL	1.694,70 €
****930**	SANCHEZ	GONZALEZ	GENIBEL	1.694,70 €
****776**	TRAORE		NOEYE FATOU	1.694,70 €
TOTAL				15.252,30 €



- DOCENCIA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO, IMPARTIDO NA LOCALIDADE DE VIGO (CÓDIGO OP070 I001 E007):

Número máximo de días de asistencia con dereito á axuda: 82

DNI/CIF	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Importe Máximo Axudas
****631**	CARRERA	GARCIA	ESTEFANÍA	1.102,90 €
****017**	CUNTIN	GONZALEZ	MARTA	1.102,90 €
****032**	FORMOSO	VASCO	IRENE	1.102,90 €
****043**	GARCIA	SÁNCHEZ	ROSA MARIA	1.102,90 €
****359**	MARTINEZ	VILLARROEL	ELENA	1.102,90 €
****392**	MURADO	ACOSTA	LORENA	1.102,90 €
****032**	QUINTANA	CAMANZO	CRISTINA	1.102,90 €
****638**	REGUERA	VEIGA	NEREA	1.102,90 €
****670**	RODRIGUEZ	GONZALEZ	LIBERTAD	1.102,90 €
****485**	VILLAR	COSTAS	LYDIA ISABEL	1.102,90 €
TOTAL				11.029,00 €

- XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA, IMPARTIDO NA LOCALIDADE DE PONTEVEDRA (CÓDIGO OP070 I005 E003):

Número máximo de días de asistencia con dereito á axuda: 68

DNI/CIF	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Importe Máximo Axudas
****307**	BARRIO	HERMIDA	BEGOÑA	914,60 €
****077**	CORONADO	DELGADO	ANGELICA YANET	914,60 €
****783**	PRESA	IGLESIAS	LORENA	914,60 €
****356**	REY	BAAMONDE	MÓNICA	914,60 €
****133**	RODRIGUEZ	QUEIPO	CLARA MARIA	914,60 €
TOTAL				4.573,00 €

- DOCENCIA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO, IMPARTIDO NA LOCALIDADE DE PONTEVEDRA (CÓDIGO OP070 I001 E005):

Número máximo de días de asistencia con dereito á axuda: 82

DNI/CIF	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Importe Máximo Axudas
****2974**	ABOY	ALVAREZ	IRIA	1.102,90 €
****0186**	CARRO	GONZÁLEZ	MARÍA MONTSERRAT	1.102,90 €
****5924**	CORDERO	NOVOA	SANDRA	1.102,90 €
****5261**	DI FALCO		MARIANGELES RITA	1.102,90 €
****7768**	MONTOTO	URRABIETA	PABLO	1.102,90 €



****8302**	PEREZ	ALONSO	JOSE	1.102,90 €
****3534**	SAVINA		VERONIKA	1.102,90 €
****1961**	TOURON	ARRECHEDERA	ALBA DAYALI	1.102,90 €
****2133**	VAZQUEZ	REGUEIRO	MARIA PILAR	1.102,90 €
TOTAL				9.926,10 €

- XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA, IMPARTIDO NA LOCALIDADE DE VIGO (CÓDIGO OP070 I005 E005):

Número máximo de días de asistencia con dereito á axuda: 68

DNI/CIF	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Importe Máximo Axudas
****1005**	ARIJA	GIL	MARIA CRISTINA	914,60 €
****4564**	BALSERA	CONDE	RAQUEL	914,60 €
****7555**	BARREIRO	BEN	ROSA MARIA	914,60 €
****3814**	CRESPO	ALONSO	MARCOS	914,60 €
****1755**	LOPEZ	ABRIL	YOLANDA	914,60 €
****4147**	RODRIGUEZ	SUAREZ	MARIA DE JESUS	914,60 €
TOTAL				5.487,60 €

- ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNES SOCIAIS, IMPARTIDO NA LOCALIDADE DE VIGO (CÓDIGO OP070 I003 E006):

Número máximo de días de asistencia con dereito á axuda: 96

DNI/CIF	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Importe Máximo Axudas
****3524**	FONTAN	ROZAS	JOSE ANTONIO	1.291,20 €
****1333**	LE MOS	BOUBETA	AGUEDA	1.291,20 €
****9055**	LLADO	ALZUETA	SARA	1.291,20 €
****9607**	MOREIRAS	ALONSO	MARIA JOSE	1.291,20 €
****8389**	PEÑA	MARTINEZ	YOLANDA	1.291,20 €
****2699**	PINZON	BUITRAGO	GLADYS STELLA	1.291,20 €
****7468**	RIAL	FERNADEZ	OLGA MARIA	1.291,20 €
****1627**	SALES	DE SOUZA	MARINALVA	1.291,20 €
****3080**	SUAREZ	SEQUEIRA	FATIMA	1.291,20 €
****1753**	VAZQUEZ	GIL	ALEJANDRA	1.291,20 €
****2882**	ZLOBINA		SVETLANA	1.291,20 €
TOTAL				14.203,20 €



ANEXO II

RELACIÓN DE PERSOAS EXCLUÍDAS DAS AXUDAS POR ASISTENCIA Á FORMACIÓN DO PROXECTO “LABORA 2020” COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO SEGUNDO ITINERARIO FORMATIVO INICIADOS EN SETEMBRO E OUTUBRO DE 2021

- ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓN SOCIAIS, IMPARTIDO NA LOCALIDADE DE PONTEVEDRA (CÓDIGO OP070 I003 E004):

NIF/NIE	Motivo/s de exclusión*
78142031Z	(3)
35298012G	(4)
77544812J	(5)
35321634M	(3)

- ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO, IMPARTIDO NA LOCALIDADE DE VIGO (CÓDIGO OP070 I004 E005):

NIF/NIE	Motivo/s de exclusión*
36057512K	(4)

- XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA, IMPARTIDO NA LOCALIDADE DE PONTEVEDRA (CÓDIGO OP070 I005 E003):

NIF/NIE	Motivo/s de exclusión*
35316550G	(4)
44082970C	(1)

- XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA, IMPARTIDO NA LOCALIDADE DE VIGO (CÓDIGO OP070 I005 E005):

NIF/NIE	Motivo/s de exclusión*
36115477A	(4)
36120181S	(4)

*MOTIVOS DE EXCLUSIÓN:

- (1) Por non estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra no relativo á percepción de axudas públicas.
- (2) Por presentar a solicitude fóra do prazo ou non presentar a documentación requirida
- (3) Por superar o límite de rendas individuais igual ou superior en cómputo mensual ao 75% do IPREM
- (4) Por abandono do itinerario formativo



- (5) Por incumprir as obrigas asumidas e as condicións fixadas nas bases
- (6) Por obtelas falseando as condicións requiridas
- (7) Por superar o límite de ausencias do 10% das horas totais de duración do itinerario formativo

15.31313.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “REPOSICIÓN DE FIRME NA E.P. 6202 RODEIRO-OSEIRA, DO P.Q. 0+320 Ó P.Q. 11+767 (CONCELLO DE RODEIRO)” (Expte. 2021046977)

Resultando.- Que en xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o seu novo Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Resultando.- Que esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia. Cumprindo co novo Decálogo de Criterios, e co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído, a Deputación de Pontevedra está concienciada na necesidade de aumentar a seguridade viaria e peonil en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Logo da inspección realizada por persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que no treito comprendido entre os puntos quilométricos 0+320 ao 11+767 da estrada E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, no Concello de Rodeiro é necesario levar a cabo unha mellora da seguridade viaria mediante a execución dunha nova capa de rodaxe, debido o seu mal estado de conservación.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recíbese no Servizo de Contratación informe do xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais coa conformidade do Deputado Delegado desa área, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Reposición de firme na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, do P.Q. 0+320 ó P.Q. 11+767 (Concello de Rodeiro)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redáctase polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Paredes Rodríguez o proxecto da obra “*Reposición de firme na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, do P.Q. 0+320 ó P.Q. 11+767 (Concello de Rodeiro)*” cun orzamento base de licitación de 431.265,05 € IVE incluído. A este proxecto asígnouse o seguinte código CSV: Y62SX2L3BXO862IL.



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC con número de operación 202100240942, por importe de 431.265,05 € con cargo á aplicación orzamentaria 21/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial, quedando acreditado polo tanto, a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2021 acordou aprobar o proxecto para a execución da obra “*Reposición de firme na E.P. 6202Rodeiro-Oseira, do P.Q. 0+320 ó P.Q. 11+767 (Concello de Rodeiro)*” redactado por D. César Paredes Rodríguez, que ten un orzamento base de licitación de 431.265,05 € IVE incluído. O proxecto aprobado ten asignado o código CSV: Y62SX2L3BXO862IL.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adjudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que con data 18/01/2022 emitiu informe o Secretario Xeral da Deputación, recollendo o seguinte: “*...Estímase os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente tendo en conta as observacións sinaladas no presente informe...*”

Resultando.- Que con data 08/02/2022 emitiu informe a Xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo o seguinte: “*...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico administrativas particulares dentro de cada subcriterio.*

CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “*A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante*”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.



Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Reposición de firme na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, do P.Q. 0+320 ó P.Q. 11+767 (Concello de Rodeiro)*” cun orzamento base de licitación de 431.265,05€ IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe	356.417,40 €
IVE (21%)	74.847,65 €
Importe Total.....	431.265,05 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): DTX4SYGAALB4EX92, e de prescricións técnicas con código (CSV) Y62SX2L3BXO862IL, que rexerán neste procedemento.



3. Autorizar o gasto por importe de 431.265,05 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.0.2021 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

16.31314.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-8101 PORTAS-ROMAI (CONCELLO DE PORTAS)” (Expte. 2021060894)

Resultando.- Que en xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o seu novo Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Resultando.- Que esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia. Cumprindo co novo Decálogo de Criterios, e co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído, a Deputación de Pontevedra está concienciada na necesidade de aumentar a seguridade viaria e peonil en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Logo da inspección realizada por persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na totalidade da estrada E.P. 8101 Portas-Romai, no Concello de Portas é necesario levar a cabo unha mellora da seguridade viaria mediante a execución dunha nova capa de rodaxe, debido o seu mal estado de conservación.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recíbese no Servizo de Contratación informe do xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais coa conformidade do Deputado Delegado desa área, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 8101 Portas-Romai, (Concello de Portas)”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redáctase pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, María Belén Pampín Camino o proxecto da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 8101 Portas-Romai, (Concello de Portas)” cun orzamento base de licitación de 609.951,03 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o seguinte código CSV: 0D2GUWD8RTFGXQJI



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC con número de operación 202100240942, por importe de 609.951,03 € con cargo á aplicación orzamentaria 21/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial, quedando acreditado polo tanto, a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2021 acordou aprobar o proxecto para a execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8101 Portas-Romai, (Concello de Portas)*” redactado por Dna. María Belén Pampín Camino, que ten un orzamento base de licitación de 609.951,03 € IVE incluído. O proxecto aprobado ten asignado o código CSV: 0D2GUWD8RTFGXQJI.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que con data 18/01/2022 emitiu informe o Secretario Xeral da Deputación, recollendo o seguinte: “*...Estímase os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente tendo en conta as observacións sinaladas no presente informe...*”

Resultando.- Que con data 08/02/2022 emitiu informe a Xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo o seguinte: “*...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico administrativas particulares dentro de cada subcriterio.*

CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.



Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8101 Portas-Romai, (Concello de Portas)*” cun orzamento base de licitación de 609.951,03 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	504.091,76 €
IVE (21%).....	105.859,27 €
Importe Total.....	609.951,03 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): D5YE8ZTUMRUZIN8F, e de prescricións técnicas con código (CSV) 0D2GUWD8RTFGXQJI, que rexerán neste procedemento.



3. Autorizar o gasto por importe de 609.951,03 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01.2021 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

17.31315.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, TRÁMITE DE URXENCIA, DA “SUBMINISTRACIÓN DA MANUTENCIÓN DO GANDO VACÚN DA FINCA MOURISCADÉ” (Expte. 2022004049)

A Deputación de Pontevedra, co obxectivo de potenciar e mellorar o sector agrícola e gandeiro, dada a súa importancia económica no norte da provincia, conta coa Finca Mouriscade situada no termo municipal de Lalín.

Nas actividades que se desenvolven na Finca de Mouriscade perséguese mellorar as condicións dos gandeiros, cooperativas agrogandeiras e empresas do sector na provincia. A competencia na que se ampara a Deputación para esta contratación é a da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, artigo 36, apartado d) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 109, apartado d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.

Un dos obxectivos do centro é mellorar a calidade das explotacións gandeiras da provincia a través do servizo de transferencia embrionaria, así como, ao dispoñer de animais, posibilita o desenrolo de programas con entidades públicas e privadas ou estudos na planta experimental de Biogás.

Para a realización destes programas é necesario contar con cabezas de gando bovino, sendo a manutención o gasto máis substancial nestes animais. Este gando alimentase mediante compras directas de produtos alimenticios e tamén mediante a colleita dos forraxes que producen as parcelas da propia finca. Coa finalidade da súa manutención, precísase acudir a unha contratación externa para satisfacer as distintas necesidades nutricionais nos animais e así poder prestar correctamente os diferentes servizos.

Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 17 de decembro de 2021 acordou declarar deserto o lote número 1 (Mestura de materias primas e pensos ensacados) do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade (Nº expte.: 2021024876), por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación do contrato correspondente a este lote, motivado pola volatilidade e subidas das materias primas para a alimentación animal que se está dando a nivel mundial nos últimos meses, e unha vez axustados os prezos desta licitación ao



momento presente, en data 27 de xaneiro de 2022 o Deputado Delegado da Finca Mouriscade dita providencia de inicio de expediente para a contratación da subministración da manutención do gando vacún da Finca Mouriscade (CSV: 0KXB4RF9JTI3T644).

O contrato proposto ten un prazo de duración de 9 meses, coa posibilidade de una prórroga anual, e un orzamento base de licitación de 152.315,90 euros, distribuído en dous lotes. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Con data 28 de xaneiro de 2022, Intervención emite documento RC nº 202200016729, polo importe de 152.315,90 euros.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 8 de febreiro de 2022, e as observacións contidas no mesmo.

Vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Secretaria, na documentación preparatoria do expediente, polos servizos de Medio Ambiente e de Contratación, reflectida nos seus respectivos informes de data 9 de febreiro de 2022.

Tendo en conta que, con data 11 de febreiro de 2022, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministro, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, trámite de urxencia, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 14 de febreiro de 2022.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con o seu opción de compra, de produtos ou ben mobles, e que, en todo caso terán a consideración de contratos de subministro aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar a urxencia do expediente para contratar a “*Subministración da manutención do gando vacín da Finca Mouriscade*”, motivado polo retraso producido ao declararse parcialmente deserto o anterior procedemento (Expte. 2021024876) e ser necesario acelerar no posible a adxudicación do mesmo para evitar a falta de cobertura contractual da prestación ao manterse a necesidade de subministración continua do obxecto do contrato.

De conformidade co establecido no artigo 119 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os prazos establecidos nesta Lei para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse a metade, coas salvidades sinaladas en dito artigo.

O prazo de inicio da execución do contrato non poderá exceder dun mes, contado desde a súa formalización.

2.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da “*Subministración da manutención do gando vacín da Finca Mouriscade*.” (Expte.:2022004049).

O valor estimado do contrato, acumulado para os dous lotes, é de 387.713,19 €.

O orzamento base de licitación, acumulado para os dous lotes, para nove meses, ascende á cantidade máxima de 152.315,90 euros, conforme ao seguinte detalle:

Lote 1: Mestura de materias primas: 132.595,64 €

Lote 2: Pensos ensacados: 19.720,25 €

Os prezos unitarios de licitación, para cada lote, son os seguintes:

Lote 1: Mestura de materias primas

a) Mestura de materias primas en fariña

LIN	Materia prima	% de materia prima por cada TM	€/TM máximos
1	Fariña de millo	27,07%	350,00 €
2	Fariña de soia, min: 44%	17,65%	610,00 €



3	Fariña de colza	16,83%	510,00 €
4	Fariña de cebada	14,12%	360,00 €
5	Cascarilla soia	5,88%	322,80 €
6	Xabón cálcico palma	1,17%	1.264,40 €
7	Carbonato cálcico	1,89%	94,00 €
8	Bicarbonato sódico	1,39%	347,00 €
9	Melaza	1,11%	259,00 €
10	Urea	0,82%	1.260,00 €
11	Cloruro sódico	0,97%	149,00 €
12	Fosfato bicálcico	0,24%	930,00 €
13	Oxido magnesio	0,35%	534,00 €
14	Secuestrante micotoxinas	0,24%	5.000,00 €
15	Fariña de xirasol 28%	4,71%	450,00 €
16	DDG de millo	4,71%	450,00 €
17	Aceite de soia	0,59%	1.500,00 €
18	Premestura vitamínico-mineral	0,26%	1.600,00 €
Consumo estimado para 9 meses			149,50 TM
Consumo estimado no caso de prórroga (1 ano)			199,33 TM

b) Mestura de materias primas en granulado

LIN	Materia prima	% de materia prima por cada TM	€/TM máximos
1	Fariña de millo	27,07%	356,00 €
2	Fariña de soia, min: 44%	17,65%	616,00 €
3	Fariña de colza	16,83%	516,00 €
4	Fariña de cebada	14,12%	366,00 €
5	Cascarilla soia	5,88%	328,80 €
6	Xabón cálcico palma	1,17%	1.270,40 €
7	Carbonato cálcico	1,89%	100,00 €
8	Bicarbonato sódico	1,39%	353,00 €
9	Melaza	1,11%	265,00 €
10	Urea	0,82%	1.266,00 €
11	Cloruro sódico	0,97%	155,00 €
12	Fosfato bicálcico	0,24%	936,00 €
13	Oxido magnesio	0,35%	540,00 €
14	Secuestrante micotoxinas	0,24%	5.006,00 €



15	Fariña de xirasol 28%	4,71%	456,00 €
16	DDG de millo	4,71%	456,00 €
17	Aceite de soia	0,59%	1.506,00 €
18	Premestura vitamínico-mineral	0,26%	1.606,00 €
Consumo estimado para 9 meses			108 TM
Consumo estimado no caso de prórroga (1 ano)			144,00 TM

Lote 2: Pensos ensacados:

LIN	Pensos ensacados	Consumo estimado TM (9 meses)	Consumo estimado TM no caso de prórroga (1 ano)	€/TM máximos
1	T-0 Fariña Tenreiro Lactoiniciador	1,35	1,80	700,00 €
2	T-1 Granulado Tenreiros Arranque	17,5	23,33	425,00 €
3	Penso de Recría	23	30,67	415,00 €

O prazo de duración é desde a data da formalización do contrato ata o 31 de decembro de 2022, coa posibilidade dunha prórroga anual.

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 3P56IIZ97PGN4QUT) e de prescricións técnicas (CSV: 1J6DHX92TZY2U6FM) que rexerán como lei fundamental do contrato e que obran no expediente.

4.- Autorizar o gasto por importe de 152.315,90 € de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Lote	Importe, con IVE
2022	410.4120.221.13 (vinculación xurídica)	Lote 1	132.595,64 €
		Lote 2	19.720,25 €

No obstante, as obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra serán as que resulten dos pedidos que se realicen ao abeiro do contrato, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa adxudicataria. A adxudicación farase en base aos prezos unitarios.



5.- Nomear responsable do contrato á Xefatura de Servizo de Medio Ambiente ou á persoa na que delegue.

6.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

18.31316.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 2403 MOSENDE-MORGADÁNS E NA E.P. 2404 ACCESO A CHENLO (CONCELLOS DE O PORRIÑO E GONDOMAR)” (Expte. 2021033984)

Resultando.- Que cumprindo co novo Decálogo de Criterios, e co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído, a Deputación de Pontevedra está concienciada na necesidade de aumentar a seguridade viaria e peonil en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que logo da inspección realizada por persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que é necesario levar a cabo unha mellora da seguridade viaria nas estradas E.P. 2403 Mosende-Morgadáns (dende o P.Q. 0+000 ó 11+500) e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (dende o P.Q. 0+000 ó 0+780), debido ao mal estado do firme e a falta de drenaxes e sistemas de contención de vehículos nestes puntos quilométricos.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación informe do xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do Deputado Delegado desa área, solicitando se inicien os trámites para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)*”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse por María Elena Pérez Alonso, enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)*” cun orzamento base de licitación 487.867,23 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle un código (CSV): XZ0F6X533G3XAZXT.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 487.567,23 € con cargo á aplicación orzamentaria 21/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 15 de outubro de 2021 acordou aprobar o proxecto para a execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)”, redactado pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais Dona María Elena Perez Alonso, cun orzamento base de licitación de 487.867,23 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle un código (CSV): XZ0F6X533G3XAZXT.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e informe emitido polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 26/11/2021, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)”.

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 30 de novembro de 2021. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 23/12/2021, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor deste procedemento.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- HORDESCON
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA,S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES FECHI
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
- ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na mesma reunión acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que o Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, emitiu na data 10/01/2022 o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
HORDESCON, S.L.	14,00	2,00	16,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA,S.L.	20,00	2,00	22,00
NAROM, S.L.	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONES FECHI	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	18,00	2,00	20,00
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	18,00	2,00	20,00

Resultando.- Que Mesa de Contratación na súa reunión de data 13/01/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais de data 10/01/2022, acordou prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadans e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)*”.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondente á documentación avaliada mediante criterios automáticos presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.



Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
HORDESCON, S.L.	382.310,50 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA,S.L.	370.053,34 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	375.617,45 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	383.036,25 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI	366.706,81 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	362.755,50 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	369.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	399.285,06 €	3%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONES VALE, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito, a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustificara a oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

Resultando.- Que finalizado o prazo para que CONSTRUCCIONES VALE, S.L., que xustificara a súa oferta, non consta que presentara xustificación algunha.



Resultando.- Que e conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 3 de febreiro de 2022, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE"B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADO S 9001/14001	
HORDESCON, S.L.	17,499	5,00	5,00	5,00	32,50
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA,S.L.	27,228	5,00	5,00	5,00	42,23
NAROM, S.L.	22,945	5,00	5,00	5,00	37,95
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	16,891	5,00	5,00	5,00	31,89
CONSTRUCCIONES FECHI	29,804	5,00	5,00	5,00	44,80
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	28,038	5,00	5,00	5,00	43,04
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	3,277	5,00	5,00	5,00	18,28

Resultando.- Que en virtude das puntuacións obtidas, a Mesa de Contratación na súa reunión celebrada o día 03/02/2022 acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadán e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES FECHI	23,00	44,80	67,80
2	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	20,00	43,04	63,04
3	NAROM, S.L.	25,00	37,95	62,95
4	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA,S.L.	20,00	42,23	62,23



5	HORDESCON, S.L.	24,00	32,50	56,50
6	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	31,89	54,89
7	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00	18,28	38,28

Resultando.- Que en base á clasificación aprobada, a Mesa de Contratación, na mesma reunión, acordo propor ó Órgano de contratación unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)*” á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citados rexistros a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U, para que aportara a documentación xustificativa previa á adxudicación deste procedemento, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 18.335,34 €, segundo queda acreditado en carta de pago con número de operación 202200022106.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o seu valor estimado de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir deste procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES VALE,S.L., por a súa oferta contén valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel de prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.

2. Adxudicar o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)*”, á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. (CIF B36258861), de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	366.706,81 €
IVE (21%)	77.008,43 €
Importe Total.....	443.715,24 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

O prazo de execución deste contrato será de catro (4) meses a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01.2021 do vixente orzamento provincial.

3. Nomear directora de obra á enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, María Elena Pérez Alonso.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2021033984.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



19.31317.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO ACORDO MARCO 20/2020, “SUBMINISTRACIÓN DE ORDENADORES DE MESA, ORDENADORES PORTÁTILES, MONITORES E OUTRAS SOLUCIÓNS DE POSTOS DE TRABAÑO” DENTRO DO SISTEMA DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA ESTATAL DA DIRECCIÓN XERAL DE RACIONALIZACIÓN E CENTRALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN DO MINISTERIO DE FACENDA.(Expte. 2021064244)

A Deputación de Pontevedra precisa, para dotar ao persoal ao seu servizo do equipamento informático como ordenadores de mesa, portátiles, monitores e outras solucións de postos de traballo nuns casos para substituílos por obsolescencia, noutros por avarías continuadas e noutros para dotar ao novo persoal dos medios precisos para desenvolver as tarefas propias dos postos de traballo.

Posta de manifesto desde o Servizo de Novas Tecnoloxías a necesidade de adquirir monitores de 23,6 pulgadas para os postos de traballo, considérase o feito de que no pleno ordinario celebrado o 27 de febreiro de 2015, aprobouse a adhesión da Deputación de Pontevedra ao Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeneral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, actualmente Ministerio de Facenda, permitindo a adhesión á antedita Central de Contratación a posibilidade de contratar servizos e subministracións de acordo ás condicións e prezos establecidos en contratos e acordos marco que se subscriben entre a central e as empresa adxudicatarias dos mesmos.

Entre os acordos marco subscritos pola devandita Central atópase o Acordo Marco específico 20/2020 de subministración de ordenadores, portátiles, monitores e outras solucións de postos de traballo, que se estrutura en doce lotes independentes correspondentes a diferentes elementos informáticos.

A vista de que o referido Acordo Marco entrou en vigor o 1 de xuño de 2021, á Deputación de Pontevedra interésalle o Lote 10, “*Monitores de 23,6 pulgadas*”.

Neste momento a contratación mediante este sistema tería como finalidade a subministración de 200 monitores de 23,6 pulgadas, así mesmo permitirá tamén a adquisición de ordenadores de sobremesa, portátiles monitores doutras dimensións e outras solucións de postos de traballo que sexan precisas que se inclúen nos demais lotes do antedito Acordo Marco.



Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación de data 25 de xaneiro de 2022 no que sinala “... Sendo a subministración deste material imprescindible para o desenvolvemento das tarefas propias dos postos de traballo ocupados polo persoal ao servizo desta Deputación, resulta aconsellable a adhesión da institución provincial a este tipo de acordos marco das centrais públicas por razóns de eficiencia e eficacia, ademais de ser unha oportunidade para abaratar custos utilizando a economía de escala e evitar a multiplicidade de esforzos na xestión dos expedientes. Por iso, propónse a adhesión da Deputación ao Acordo Marco específico 20/2020 de subministración de ordenadores, portátiles, monitores e outras solucións de postos de traballo...”.

Visto o informe da Secretaría Xeral de data 31 de xaneiro de 2022, a xefatura do Servizo de Novas Tecnoloxías, emite informe con data 31 de xaneiro de 2021 relativo á a observación manifestada no mesmo sobre a procedencia da antedita central de compras fronte a outras posibles.

Considerando o sinalado na Disposición transitoria única da Orde HAP/2834/2015, de 28 de decembro, “Aqueles entes e entidades que contén cun acordo de adhesión vixente no momento de entrada en vigor desta Orde, entenderanse adheridos á Central de Contratación do Estado e a cada un dos acordos-marcos específicos aos que se adherida, salvo renuncia expresa”.

Considerando o disposto no artigo 229.3 da LCSP establece que:” O resto de entidades do sector público poderán concluír un acordo de adhesión coa Dirección Xeral de Racionalización e centralización da contratación do Ministerio de Facenda para contratarsuministros declarados de contratación centralizada..”,

Considerando o disposto no apartado 7 do mesmo artigo: “A contratación de ...suministros centralizados poderá efectuarse a través dos seguintes procedementos: ..b) A través de Acordos Marco”.

Considerando que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a Adhesión da Deputación de Pontevedra ao Acordo Marco 02/2020 de “Subministración de ordenadores, portátiles, monitores e outras solucións de postos de traballo” dentro do Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda.



20.31318.- LIBERACIÓN PARCIAL DO CRÉDITO COMPROMETIDO NO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN DOS CENTROS, EDIFICIOS E INSTALACIÓN DEPENDENTES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, EN TRÁMITE DE RESOLUCIÓN. (Expte. 2019007910)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 11 de febreiro do 2022, iniciou o expediente para a resolución do contrato “*Subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión dos centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra*”, subscrito coa empresa Aura Energía, S.L. (B-65.552.432), baseada na causa establecida no artigo 211, apartado f, da LCSP, e motivada na suspensión de subministración de enerxía eléctrica nos distintos puntos da Deputación de Pontevedra por parte da contratista, co conseguinte traspaso ás comercializadoras de referencia, conforme aos feitos postos de manifesto nos informes CSV: E436AC4GG29QRMS8 e HWCBBE9FQY8FANDP.

Dito contrato atópase prorrogado mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 6 de agosto de 2021, polo período comprendido entre o 01 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022, coa desagregación de importes por centros e aplicacións orzamentarias que se detalla no referido acordo.

Visto que o servizo de Arquitectura, con data 10 de xaneiro de 2022, comprobou que todos os puntos de subministración que corresponden a Deputación de Pontevedra están dados de baixa, o que supuxo, conforme á lexislación vixente, o inicio do proceso de traspaso á comercializadora de último recurso. Consultados os distintos centros xestores, confirmou que a empresa Comercializadora Regulada Gas & Power, SA xa comezou a remitir algunhas facturas de distintos puntos de subministración.

Visto o escrito do responsable do contrato, de data 14 de febreiro do 2022 (CSV: PI4SX4YM8ZYE2ZQS), que informa que a xestora da empresa comercializadora (Gas & Power, SA) confirmou que xa foron traspasados os 47 puntos de subministración, e destes, só 37 foron activados, polo que os 10 restantes están pendentes de activación pola empresa distribuidora UFD. O servizo de Arquitectura ten constancia de que xa existen novas facturas, polo que estima que se debe liberar a cantidade correspondente a 9 meses de contrato, que se corresponde co 75% do crédito comprometido, para poder facer fronte ás mesmas, deixando crédito retido para afrontar as facturas pendentes de pagamento á comercializadora Aura Energía, así como para afrontar os gastos derivados da liquidación do contrato.

Visto que, con data 14 de febreiro do 2022, o servizo de Contratación solicita á Intervención a súa conformidade para a liberación parcial do crédito comprometido no contrato, achegando borrador de proposta de acordo (CSV: YQ6C1Z6PSF8JRYN8).



Tendo en conta a dilixencia de conformidade da Intervención, de data 14 de febreiro do 2022 (CSV: OUXUGE3PRL5Q86L).

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Liberar parcialmente o crédito comprometido (fase D) – anualidade 2022 do contrato de “Subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión dos centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra” (Exp. 2019007910), en trámite de resolución, na contía total de 603.341,76€, correspondente co importe estimado para un período de nove meses, co obxecto de obter crédito dispoñible para facer fronte ás facturas de electricidade dos puntos de subministración da Deputación de Pontevedra que foron dados de baixa pola empresa Aura Enerxía, S.L., e traspasados á comercializadora de último recurso.

O detalle por centros e aplicacións orzamentarias é o seguinte:

Centro	Lugar	Aplicación orzamentaria	CUPS	Crédito comprometido (fase D) prórroga 01/10/2021 a 30/09/2022	Crédito obxecto de liberación (9 meses)	Crédito comprometido (fase D) despois da liberación parcial
Príncipe Felipe 1	Príncipe Felipe baixo	232.2312.221.00	ES002200000497 7357FY1P	371,95 €	278,97 €	92,99 €
Príncipe Felipe 2	Príncipe Felipe, 10D		ES002200000497 7363FN1P			
Escola de Canteiros	Escola de Canteiros, Poio	324.3243.221.00	ES002200000799 1780SA1P	31.293,84 €	23.470,38€	7.823,46 €
Museo Provincial	Museo Pontevedra, Rúa Pasantería	333.3330.221.00	ES002200000812 4330MG1P	347.305,01 €	260.478,75€	86.826,25 €
	Museo Pontevedra, Rúa San Bartolomeu		ES002200000866 9214MH1P			



Coto Cutián	San Miguel 1, Campo Lameiro	410.4100.221.00	ES002200000784 4242VX1P	647,35 €	485,52 €	161,84 €			
Finca de Mouriscade	Finca de Mouriscade, Lalín	411.4120.221.00	ES002200000497 7631LG1P	45.414,65 €	34.060,99 €	11.353,66 €			
Estación Fitopatolóxica a Areiro	Estación Fitopatolóxica a Areiro	413.4123.221.00	ES002200000497 7416DL1P	42.212,96 €	31.659,72 €	10.553,24 €			
Turismo Rías Baixas	Castelo de Soutomaio	433.3360.221.00	ES002200000497 9789KT1P	34.626,07 €	25.969,55 €	8.656,52 €			
	Castelo de Sobroso		ES013000000131 1021VD0F						
	Palacete das Mendoza	433.4320.221.00	ES002200000732 4552PM1P	14.658,16 €	10.993,62 €	3.664,54 €			
	Pousada de Ribadumia	433.4321.221.00	ES002200000906 4379MC1P	21.278,42 €	15.958,82 €	5.319,61 €			
	Pousada de Meaño		ES002200000907 9501LP1P						
Servizo de Mobilidade	Parque comarcal maquinaria, Gondomar	456.4530.221.00	ES002200000443 4763ZM1P	26.430,23 €	19.822,67 €	6.607,56 €			
	Domingo Fontán 26, Pontevedra		ES002200000497 7365FZ1P						
	Parque comarcal maquinaria, Lalín		ES002200000497 7633LY1P						
	Parque Comarcal Pontearreas		ES013000000362 058CA						
	Parque comarcal maquinaria, A Estrada		ES002200000499 0038YZ1P						
	Ponte de Catoira		ES041400000061 2018WB0F				4.228,91 €	3.171,68 €	1.057,23 €
	Edificio Administrativo		Edificio administrativo				920.9200.221.00	ES002200000497 7467NR1P	101.827,28 €



Pazo provincial	Pazo provincial, Pontevedra		ES002200000497 7353FW1P			
ETAP Briallos	ETAP Briallos, Portas	922.1516.221.00	ES002200000893 8302KY1P	38.200,09 €	28.650,06 €	9.550,02 €
Oficina Plan Revitaliza	Gagos de Mendoza 2, Pontevedra	923.1623.221.00	ES002200000721 2577SV1P	3.029,14 €	2.271,86 €	757,29 €
Imprenta Provincial	Domingo Fontán 24, Pontevedra	924.9240.221.00	ES002200000722 0296YP1P	5.494,94 €	4.121,21 €	1.373,74 €
Oficinas periféricas	Oficina Oral, Vilagarcía de Arousa	932.9320.221.00	ES002200000459 4415DZ1P	46.614,37 €	34.960,77 €	11.653,59 €
	Oficina Oral, Moaña		ES002200000469 3093KE1P			
	Oficina Oral, A Estrada		ES002200000724 5101AL1P			
	Oficina Oral, Pontevedra		ES002200000762 9461VA1P			
	Oficina Oral, Nigrán		ES002200000766 6875XL1P			
	Oficina Oral, Sanxenxo		ES002200000804 4468MK1P			
	Oficina Oral, O Porriño		ES002200000835 5300LP1P			
	Oficina Oral, Vilanova de Arousa		ES002200000877 0473SP1P			
	Oficina Oral, Caldas de Reis		ES002200000883 4685RG1P			
	Oficina Oral, Lalín		ES002200000906 1795PN1P			
	Oficina Oral, Ponteareas		ES013000000132 0041HJ0F			
	Oficina Oral, Tui		ES035730551201 3319VS0F			
Servizos centrais ORAL	Oficina Oral central		ES002200000851 6976XV1P			



Viveiro de empresas de Barro-Meis	Viveiro de Barro-Meis, Pontevedra	942.4330.221.00	ES002200000908 5513GV1P	40.822,31 €	30.616,73 €	10.205,58 €
	Nave 7, Viveiro de Barro-Meis, Pontevedra		ES002200000909 4490GR1P			
	Nave 8, Viveiro de Barro-Meis, Pontevedra		ES002200000909 4487AK1P			
	Of. 10, Viveiro de Barro-Meis, Pontevedra		ES002200000909 4492GA1P			
	Of. 12, Viveiro de Barro-Meis, Pontevedra		ES002200000909 4489GT1P			
	Of. 15, Viveiro de Barro-Meis, Pontevedra		ES002200000909 4491GW1P			
	Of.4, Viveiro de Barro-Meis, Pontevedra		ES002200000909 4495GY1P			
	Of. 1, Viveiro de Barro-Meis, Pontevedra		ES002200000908 5514GH1P			
	Of. 14, Viveiro de Barro-Meis, Pontevedra		ES002200000908 5515GL1P			
Viveiro de empresas de Lalín	Lalín, Pontevedra		ES002200000908 5596PP1P			
			Total xeral	804.455,67 €	603.341,76€	201.113,92€



21.31319.- PRÓRROGA DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL A TRAVÉS DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP (Expte. 2021004288)

A Deputación de Pontevedra mediante Acordo do Pleno da Corporación de data 27 de novembro de 2020 adheriuse á Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias, a fin de poder contratar os servizos e subministracións que ofertar a citada Central, de conformidade coas condicións e prezos fixados nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dicha Central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

Con data 23 de maio de 2019 a Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias adxudicou a ENDESA ENERXÍA, S.A.U. e GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. os Lotes 1 ao 5 do citado Acordo Marco. A formalización dos Acordos Marco produciuse o día 24 de xuño de 2019, finalizando a vixencia ordinaria do mesmo o próximo 24 de xuño de 2021.

En data 22 de febreiro de 2021 a Deputación de Pontevedra enviou o documento de invitación a través da Plataforma tecnolóxica ás dúas empresas adxudicatarias do lote 1 do devandito Acordo marco.

A adxudicación do contrato baseado foi efectuada por acordo da Xunta de Goberno, de data 18 de marzo de 2021 resultando adxudicataria a empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. (CIF: A-61.797.536) e sendo notificada con data 24 de marzo de 2021 e cuxo subministración finalizará o próximo 24 de marzo de 2021.

A duración do contrato baseado segundo o disposto na resolución adxudicación era dun ano, prorrogable anualmente por un ano.

O Prego de Cláusulas Administrativas (en diante, "PCA"), prevé na súa cláusula 21.2 a posibilidade de solicitar prórrogas nos seus contratos baseados, conforme ao seguinte procedemento:

"A duración ordinaria dos Contratos baseados será como mínimo dun ano, tal e como dispón a normativa sectorial de aplicación, podendo celebrarse prórrogas por períodos dun ano, ata un máximo de cinco anos".

De conformidade co indicado no Documento de invitación e na cláusula 21.2 do PCA e coa intención de continuar prestando a subministración de gas natural na Deputación de Pontevedra, a prórroga resultará de obrigada aceptación por parte do adxudicatario *(e sempre que baxa un aviso previo/previo aviso de 2 meses, porque así o establece o artigo 29.2 da LCSP) salvo que a Entidade Local dispoña o contrario no Documento de invitación e salvo que se dea a causa de resolución prevista no artigo 198.6 da LCSP por demorarse a Entidade Local no pago do prezo máis de 6 meses, sempre que devandita falta de pagamento non se produza por incumprimento da empresa contratista, cuestións ambas, que non se produciron. Se a EELL non leva a cabo ese aviso previo con 2 meses de antelación á finalización do contrato, a prórroga será por acordo entre partes (deixará de ser potestade da administración).*



En caso de non se produza previo aviso ou non se aprobe a prórroga no prazo sinalado, a empresa procederá, no prazo dos 5 días hábiles anteriores á data de finalización da subministración indicada máis arriba, a realizar os trámites oportunos para dar de baixa os puntos de subministración obxecto do contrato baseado. Ao producirse a extinción do contrato, a empresa Distribuidora procederá a asignar estas subministracións á comercializadora de último recurso, en aplicación da normativa vixente, R.D. 104/2010, que no apartado 3º do artigo 2 establece que os comercializadores de referencia deberán atender as solicitudes de subministración de gas e formalizar os correspondentes contratos cos consumidores, que sen ter dereito a tarifa en último recurso, transitoriamente carezan dun contrato de subministración en vigor cun comercializador e resúltenlles de aplicación as correspondentes tarifas de último recurso de acordo co previsto no art. 55 do R.D 1434/2002, do 27 de decembro, o art. 81 da Lei 34/1998, do 7 de outubro do Sector de Hidrocarburos, a D.T. 5ª da Lei 12/2007, do 2 de xullo que modifica a anteriormente citada.

A empresa adjudicataria presta conformidade a prórroga a través de escrito presentado na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra N° Rexistro: WEB2021042766, de data 10/11/2021. Con data 9 de febreiro de 2022 o Enxeñeiro Técnico Industrial do Servizo de Arquitectura, Antonio Giraldez da Cruz, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 11 de febreiro de 2022, que conclúe o seguinte:

En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato por unha anualidade, desde o 24 de marzo de 2022 ata o 23 de marzo de 2023.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 23 de febreiro de 2022.

As condicións que deberán rexer esta prórroga serán as mesmas que as do contrato baseado e manteranse inalterables durante toda a vixencia da prórroga, tal e como se establece no PCA.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do Contrato baseado para a subministración de gas natural suscrito coa empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. (CIF: A-61.797.536) desde o día 24 de marzo de 2022 ata o 23 de marzo de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Centro	Anualidade	Aplicación orzamentaria	Orzamento máximo estimado (co IVE)
Museo	2022 (2ª quincena marzo-décembro)	22/333.3330.221.02	107.666,70 €
	2023 (xaneiro-1ª quincena marzo)	23/333.3330.221.02	28.333,30 €
PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO (Arquivo Provincial)	2022 (2ª quincena marzo-décembro)	22/332.3322.221.02	4.120,62 €
	2023 (xaneiro-1ª quincena marzo)	23/332.3322.221.02	1.084,38 €
ORAL (Avenida de Marín, 11 Pontevedra).	2022 (2ª quincena marzo-décembro)	22/932.9320.221.02	2.895,12 €
	2023 (xaneiro-1ª quincena marzo)	23/932.9320.221.02	761,88 €
ORAL (Avenida de Marín, 9 Pontevedra).	2022 (2ª quincena marzo-décembro)	22/932.9320.221.02	2.967,17 €
	2023 (xaneiro-1ª quincena marzo)	23/932.9320.221.02	780,83 €

Os importes do gasto correspondente á anualidade 2023 quedará condicionado á aprobación do orzamento dese exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

2.- Comunicar esta resolución á empresa adxudicataria a través da plataforma informática da Central de Contratación, publícala no perfil do contratante desta Entidade Local e notifícala conforme ao establecido na LCSP.



22.31320.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS, CONSTITUÍDAS POLAS EMPRESAS ADXUDICATARIAS, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS LOTES 1 E 2 DO CONTRATO RELATIVO A “SUBMINISTRACIÓN DE ESTANTERÍAS E GAIOLAS PARA OS 9 PUNTOS LIMPOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DENTRO DO PROGRAMA EUROPEO COFINANCIADO POLO FEDER AO 75% NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA ESPAÑA-PORTUGAL 2014-2020 (INTERREG V A POCTEP)” (Expte.2019052769 - Devogaran 2022005139).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 26 de febreiro de 2021 (CSV.- P4DFH9IFJW667KD0), adxudicouse o contrato relativo a “Subministración de andeis e gaiolas para os 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra, dentro do programa europeo, cofinanciado polo FEDER ao 75%, no marco do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V a POCTEP)” (Núm. Exp. 2019052769).

Para responder da realización deste servizo, as empresas adxudicatarias dos dous lotes que figuraban neste contrato, constituíron na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

- *Lote 1: KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L. (B-15573207).- 1.225,57€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202000012327 de data 20/01/2020.*
- *Lote 2: ALQUI-ENVAS, S.L. (B-25335332).- 1.021,50€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202000041097 de data 03/03/2020.*

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que proceden as devolucións das fianzas depositadas ao transcorrer os prazos legalmente establecidos sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte das empresas adxudicatarias, dunhas garantías definitivas con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración de andeis e gaiolas para os 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra, dentro do programa europeo, cofinanciado polo FEDER ao 75%, no marco do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (INTERREG V a POCTEP)*” (Expte. Núm. 2019052769), sen que existan obrigas pendentes.

- SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas por parte das empresas adjudicatarias do seguinte xeito:

o A garantía definitiva constituída en valores pola entidade mercantil KL-MOBILIARIO DE OFICINA, S.L., mediante aval de *ABANCA*, por importe de mil douscentos vinte e cinco euros con cincuenta e sete céntimos (1.225,57 €), para responder do “*lote 1*” relativo a “*Andeis*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 20/01/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000012327.

o A garantía definitiva constituída en valores pola entidade mercantil ALQUI-ENVAS, S.L., mediante aval de *BANCO SABADELL*, por importe de mil vinte e un euros con cincuenta céntimos (1.021,50 €), para responder do “*lote 2*” relativo a “*Gaiolas*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 03/03/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000041097.

23.31321.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA TELEVISIÓN DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, S.L. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “CONTRATACIÓN DE TELEVISIÓN DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, S.L. PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2021” (Expte. 2021002087 - Devogaran 2022005150)

Por Resolución Presidencial 2020001303 de data 09 de marzo de 2021 (CSV.- CSV.- PCMII0Q1IR7D1W60), adjudicouse o contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L. para a anualidade 2021*” (Núm. Exp. 2020002087).

Para responder da realización deste servizo, a empresa TELEVISIÓN DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, S.L. (CIF.- B-36223600), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, por importe de 826,45€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100036037 de data 04/03/2021.



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L. para a anualidade 2021*” (Expte. Núm. 2021002087), sen que existan obrigas pendentes.

- SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 826,45 €, para responder do “*Lote 2*” de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 04/03/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100036037.

24.31322.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA RADIO VIGO, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “CONTRATACIÓN DE RADIO VIGO, S.A.U. PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2021” (Expte.2021002029 - Devogaran 2022005158)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 05 de marzo de 2021 (CSV.- L6GI6KGZS51R60TY), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A.U., para a anualidade 2021*” (Núm. Exp. 2021002029).

Para responder da realización deste servizo, a empresa RADIO VIGO, S.A.U. (CIF.- A-36612414), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 4.958,68€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100027943 de data 23/02/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa RADIO VIGO, S.A.U., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A.U., para a anualidade 2021*” (Expte. Núm. 2021002029), sen que existan obrigas pendentes.
- SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 4.958,68 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 23/02/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100027943.

25.31323.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, S.L.U., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “CONTRATACIÓN DE INICIATIVAS AUDIOVISUAIS DE VIGO, S.L.U. PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2021” (Expte.2021002035 - Devogaran 2022005243)

Por Resolución Presidencial 2021001094, de data 25 de febreiro de 2021 (CSV.-LTBXT7ZE8CDZNPKR), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Iniciativas Audiovisuais de Vigo, S.L.U., para a anualidade 2021*” (Núm. Exp. 2021002035).

Para responder da realización deste servizo, a empresa INICIATIVAS AUDIOVISUAIS VIGO, S.L.U. (CIF.- B-27755412), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 1.033,06€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100027172 de data 22/02/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa INICIATIVAS AUDIOVISUAIS DE VIGO, S.L.U., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Iniciativas Audiovisuais de Vigo, S.L.U., para a anualidade 2021*” (Expte. Núm. 2021002035), sen que existan obrigas pendentes.

- SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 1.033,06 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 22/02/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100027172.

26.31324.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA OTERO FORESTAL, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SERVIZO DE ENSILADO, SEMENTADO, APLICACIÓN DE HERBECIDA, ABONADO E ROZAS DAS PARCELAS DA FINCA MOURISCADÉ PARA O EXERCICIO 2020” (Expte. 2020010757 - Devogaran 2022005946)

Por Resolución Presidencial 2020000969 de data 10 de xuño de 2020 (CSV.-PNZKUZFOGD4P41RG), adxudicouse o contrato relativo a “Servizo de ensilado, sementado, aplicación de herbicida, abonado e rozas das parcelas da Finca Mouriscadé” (Núm. Exp. 2020010757).

Para responder da realización deste servizo, a empresa OTERO FORESTAL, S.L. (CIF.-B-36358067), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 1.161,10€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100101099 de data 06/06/2021.



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa OTERO FORESTAL, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de ensilado, sementado, aplicación de herbicida, abonado e rozas das parcelas da Finca Mouriscade*” (Expte. Núm. 2021010757), sen que existan obrigas pendentes.

- SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 1.161,10 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 03/06/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000101099.

27.31325.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA “ASOCIACIÓN CULTURAL DORNA” PARA “ACTIVIDADE DE TECNIFICACIÓN”·(Expte.2021023006)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor da *ASOCIACIÓN CULTURAL DORNA* con NIF: G36031292, do *Concello da Illa de Arousa*, por un importe de 646,41 €, para a “*ACTIVIDADE DE TECNIFICACIÓN*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022004712 con data 07/02/22 do citado club renunciando á subvención debido a alta incidencia da COVID-19, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



28.31326.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO “CLUB BALONMÁN MOAÑA” PARA “I TORNEO VERÁN BALONMÁN MOAÑA 2021” (Expte.2021024917)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do CLUB BALONMAN MOAÑA con NIF: G36524635, do Concello de Moaña, por un importe de 503,55 €, para o “I TORNEO VERÁN BALONMÁN MOAÑA” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022004958 con data 08/02/22 do citado club renunciando á subvención debido a súa imposibilidade de celebración por mor da COVID-19, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

29.31327.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO “CLUB PIRAGÜISMO ILLA DE AROUSA” PARA “X TROFEO ALEVÍNS, BENXAMÍNS DE PIRAGÜISMO” (Expte. 2021021157)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do CLUB PIRAGUISMO ILLA DE AROUSA con NIF: G36042067, do Concello da Illa de Arousa, por un importe de 323,52 €, para a “X TROFEO ALEVÍNS, BENXAMÍNS DE PIRAGUISMO” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022004623 con data 07/02/22 do citado club renunciando á subvención debido a alta incidencia da COVID-19, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

30.31328.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DE “LUCEROS” PARA “5ª EDICIÓN TROFEO GLOBALMAR CATEGORÍA ALEVÍN MIXTO” (Expte.2021034918)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do LUCEROS con NIF: G94085230, do Concello de Cangas, por un importe de 2.028,58 €, para a “5ª EDICIÓN TROFEO GLOBALMAR CATEGORÍA ALEVÍN MIXTO” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022005257 con data 09/02/22 do citado club renunciando á subvención debido a súa imposibilidade de celebración por mor da COVID-19, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



31.31329.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS MATERIAIS NA E.P. 2303 NO CONCELLO DE GONDOMAR (Expte. 2021004394)

Dada conta que con data 21/10/2020, D. Fernando Vilar García, Capataz da Brigada nº 8 de Infraestruturas con base en Gondomar, remite fotografías realizadas con motivo do sinistro dun vehículo que introduciu a roda nun sumidoiro da estrada provincial Gondomar-Vilaza, no Concello de O Porriño.

Resultando.- Que con data de rexistro 27/01/2021 (rex. núm. 2021002145) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, formulada D^a. Aroa Estévez Pazos por danos en vehículo producidos o día 19/10/2020, tras introducir unha roda nun burato existente no pavimento da estrada provincial E.P. 2303 Gondomar-Vilaza-Parada, ó ter que apartarse e pegarse á beirarrúa, por ser a vía estreita e estar o carril contrario ocupado por un autobús escolar, para que o autobús puidese continuar a súa ruta.

Resultando.- Que os danos foron cuantificados economicamente, segundo presuposto de reparación aportado ó expediente, en 664,90 €.

Resultando.- Que con data 12/02/2021, e con fundamento nos artigos 5.6 e 18 da Lei 39/2015, en relación co 66, 68.1 e 73 da mesma Lei, requiriuse á interesada para que aportase certificación feita pola aseguradora do vehículo na que deixara constancia de que a súa asegurada non fora indemnizada por mor deste sinistro, comunicándose asemade a necesidade de que a persoa reclamante debía ser o propietario do vehículo que sufriu os danos (D. Juan Carlos Estévez Fuentes), único activamente lexitimado para reclamar por ser a persoa que sufriu o prexuízo patrimonial.

Resultando.- Que con data 22/02/2021, D^a. Aroa Estévez Pazos achega a certificación requirida e mais a póliza suscrita coa aseguradora.

Resultando.- Que con data 10/02/2021 e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 19/02/2021 co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- O sinistro localízase na E.P. 2303 GONDOMAR-VILAZA-PARADA, na marxe dereita/esquerda do p.q. 2+635. Dito punto pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial.

SEGUNDO.- O aviso do accidente foi comunicado telefonicamente por persoal do Concello de Gondomar ó Capataz da Brigada.



A Brigada do Servizo de Infraestruturas personouse no lugar e comprobou os feitos, tomando as seguintes fotografías.

(xúntanse as mesmas).

TERCEIRO.- Como se aprecia nas fotografías tomadas no momento e no lugar do sinistro, o oco coincide coa situación dun sumidoiro localizado na beiravía da estrada, fóra da calzada, no cal se produciu o afundimento, quedando o oco ó descuberto.

CUARTO.- A brigada da Deputación Provincial actuou no momento sinalizando e advertindo do perigo. En datas posteriores arranxaron o sumidoiro tapando o oco e deixándoo nas condicións anteriores.

QUINTO.- Non había sinalización advertindo do perigo con anterioridade ó sinistro por non ter constancia neste servizo.

SEXTO.- Non hai constancia de sinistros similares no mesmo punto en datas anteriores e posteriores.

*Firmado por
María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro*

*Firmado por
Daniel Romay Díaz
Director de Infraestruturas e Vías Provinciais*

Resultando.- Que con data 31/03/2021, D. Juan Carlos Estévez Fuentes solicita que as actuacións realizadas pola súa filla D^a. Aroa Estévez Pazos continúen no seu nome por ser él o propietario do vehículo siniestrado, achegando copia do seu DNI.

Resultando.- Que con data 16/11/2021 solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas da Deputación para que informasen acerca dos extremos que se relacionan a continuación:

- Cal foi a causa do afundimento (mala calidade do asfalto, rebrandecemento a consecuencia da humidade por estar tapado o sumidoiro, etc.)
- Se, como semella nas fotografías, o sumidoiro estaba obturado con restos de maleza.
- Se é posible o cruce dun coche e dun autobús sen rebasar a línea exterior da estrada, tendo en conta o ancho dos carrís de circulación, que pregamos se referencien nos seus metros.



- Tempo aproximado que tardou a brigada en chegar ó lugar do sinistro tras a chamada ou aviso, ben por partes de traballo, ben por manifestacións orais dos operarios, vixiante ou capataz.

Resultando.- Que con data 13/12/2021 o Servizo de Infraestruturas remite informe complementario co seguinte contido:

PRIMEIRO.- En relación á pregunta sobre a causa do afundimento, aínda que non se pode afirmar con exactitude, o mais probable unha vez observado o estado do oco e do pavimento existentes é que fose unha rotura do sumidoiro causada polo paso do tráfico e a aplicación de cargas directas sobre o sumidoiro existente.

SEGUNDO.- En relación á pregunta sobre o estado do sumidoiro (existencia de maleza), o mais probable, vistas as fotografías e consultado o persoal propio das nosas brigadas é que estivese con herbas e maleza tal e como se observa nas fotografías aportadas.

TERCEIRO.- En relación á pregunta sobre o cruce dun coche cun autobús sen rebasar a liña de borde da estrada, cómpre precisar:

- *O ancho da estrada é de 7,978 m, distribuídos entre a calzada (4,965 m) con dous carrís, dúas beiravías (a dereita de 0,566 m e a esquerda de 0,416) e unha beirarrúa de 2,031 m.*
- *O tamaño medio dos vehículos tipo turismo é de 1,80 m e o ancho dun autobús é de 2,50 metros, sen contar os espellos retrovisores, polo que é factible o cruce de dous vehículos.*
- *É necesario neste punto facer referencia á velocidade, xa que o sinistro produciuse a 35 m dun cruce regulado por semáforo, polo que o turismo debía ir a unha velocidade bastante baixa para poder deterse a tempo.*
- *O persoal da brigada tardou 15 minutos en persoarse no lugar unha vez recibido o aviso.*

*Firmado por
María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro*

*Firmado por
Daniel Romay Díaz
Director de Infraestruturas e Vías Provinciais _____*

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación, á tardanza na emisión de informes e na cumprimentación de requirimentos.



Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación polos seguintes argumentos consignados nos informes do Servizo de Infraestruturas:

- O oco coincide coa situación dun sumidoiro localizado na beiravía da estrada, fóra da calzada.
- A brigada da Deputación Provincial actuou no momento, sinalizando e advertindo do perigo.
- Non había sinalización advertindo do perigo con anterioridade ó sinistro por non ter constancia do mesmo.
- O mais probable é que o afundimento tivera lugar por unha rotura do sumidoiro causada polo paso do tráfico e a aplicación de cargas directas sobre o sumidoiro existente.
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas, é factible o cruce dun coche cun autobús sen rebasar a liña de borde da estrada.
- O sinistro produciuse a 35 metros dun cruce regulado por semáforo, polo que o turismo debía ir a unha velocidade bastante baixa para poder deterse a tempo.
- O desperfecto era perfectamente visible tendo en conta a baixa velocidade e o feito de estar a realizar a manobra de pegarse á beirarrúa.
- Non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que os argumentos esgrimidos no anterior considerando fan descansar, a lo menos de modo indiciario, a responsabilidade na condutora do vehículo, pois de terse adecuado a condución ás circunstancias da vía, o accidente probablemente non se tería producido, Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, *“todo conductor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, LAS CARACTERÍSTICAS Y EL ESTADO DE LA VÍA, del vehículo y de su carga, LAS CONDICIONES meteorológicas, ambientales y DE CIRCULACIÓN y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas, de manera que siempre pueda detenerlo dentro de los límites de su campo de visión y ante cualquier obstáculo que pueda presentarse”*.



Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: “1. Se circulará a velocidade moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:

e) AL APROXIMARSE A UN AUTOBÚS EN SITUACIÓN DE PARADA, PRINCIPALMENTE SI SE TRATA DE UN AUTOBÚS DE TRANSPORTE ESCOLAR”.

Polo seu lado, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle o seguinte:

Artigo 3.1 “...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...”

Artigo 18.1: “...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”

Artigo 132.1: “...Todos los usuarios de las vías objeto de esta Ley están obligados a obedecer las señales de circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...”

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada de conservación de estradas tardou 15 minutos en chegar ó lugar tras a chamada ou aviso para proceder á sinalización e advertencia do perigo, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13 e 112/14; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

32.31330.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS E LESIÓNS NO CONCELLO DA GUARDA (Expte. 2020039462)

Dada conta que con data de rexistro 02/03/2020 (núm. rex. 2020006189), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Manuel Martínez Alfonso, por danos materiais e lesións producidas o día 05/03/2019 por mor dunha caída á saída da súa vivenda, sita no nº 31 da rúa Concepción Arenal, no Concello de A Guarda, a consecuencia, segundo manifesta, da incorrecta actuación na instalación de acceso á citada vivenda, consistente na substitución dunha rampa de acceso por un escalón de formigón, durante as obras do “Proxecto de execución de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na rúa Concepción Arenal E.P. 3401 Acceso Porto (Concello da Guarda)”, e que cuantificou economicamente en 5.146,03 euros.

Resultando.- Que con data 07/09/2020, requiriuse ó interesado para que, de conformidade co establecido nos artigos 66, 68.1 e 73 da Lei 39/2015, subsanara a instancia achegando o informe de alta médica, xa que xunto coa documentación aportada unicamente constaba o informe de atención en urxencias.

Resultando.- Que na data 23/09/2020 presenta escrito co que achega o que denomina “informe de alta médica”, no cal non se menciona en que data en que se produciu a alta, recollendo unicamente dito escrito o seguinte:

A petición del interesado, informo que D. Manuel Martínez Alfonso, con TIS nº 441109MAAL1017, sufrió una caída el día 05/03/2019 y se ha recuperado completamente de las les. producidas por la misma.

A Guarda a 28/06/2019

Fdo.: Javier Rodríguez Sarandeses



Resultando.- Que con data 07/09/2020, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu o día 10/09/2020, co seguinte contido:

- (...) Dita obra foi executada pola empresa ORESA, S.L. e a coordinación de Seguridade e Saúde levada a cabo pola UTE TEPRIL-INOR, que levaron a cabo o estudo e análise dos itinerarios seguros durante a execución da obra.
- Tendo en conta o RD 486/1997 polo que se establecen as disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nos lugares de traballo, no cal se indica que se poden empregar diferentes elementos para salvar un desnivel sempre e cando... “Os pavimentos das rampas, escaleiras e plataformas de traballo serán de materiais non resbaladizos ou disporán de elementos antideslizantes” ... a maiores establécense as dimensións que deben ter os chanzos cando son empregados e a pendente que deben ter as rampas.
- Unha vez analizada a documentación presentada, obsérvase que se indica que a rampa de acceso á vivenda estivo o largo dos meses de execución da obra que foron necesarios, sendo puntual o momento no que tivo que ser retirada para a continuación da execución das obras. Durante ese tempo de execución dos traballos necesarios dita rampa foi substituída por unha peza rectangular de chanzo de formigón para facilitar o acceso á vivenda, cumprindo dito chanzo coas dimensións e criterios indicados no RD 486/1995.

O Xefe dos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais e Director da obra
Francisco Alonso Fernández_____

Resultando.- Que con data 17/01/2022, e con fundamento no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, conferiuse á mercantil ORESA, S.L., un prazo de dez días para que puidera comparecer como interesada e realizar as alegacións que tivera por convenientes, presentando escrito de alegacións na data 26/04/2022, co seguinte contido:

Comunicamos que ORESA durante toda la ejecución de las obras de “Proxecto de execución de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na rúa Concepción Arenal E.P. 3401 Acceso Porto (Concello da Guarda)” cumplicó con todas las medidas de seguridad establecidas y verificadas por la UTE TREPIL-INOR respecto de la coordinación de seguridad y salud, también nos remitimos al informe de Infraestructuras de la Diputación de Pontevedra de SEP72020 donde se explica detalladamente todo lo ocurrido durante la ejecución de los trabajos en la mencionada obra.

Por todo ello consideramos que no es nuestra responsabilidad.

Juan Carlos Núñez



Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido ó confinamento derivado da COVID e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescripción), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no evento lesivo, pois a forza causalacional débese única e exclusivamente á actitude temeraria do accidentado, posto que:

- A caída tivo lugar a plena luz do día.
- O reclamante era perfectamente coñecedor de que a zona se atopaba en obras, polo que debeu prestar a debida atención e extremar as precaucións debido a obriga de calquera cidadán de circular polas zonas públicas coa suficiente atención tendo en conta as circunstancias existentes.
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas da Deputación, a obra foi executada pola empresa ORESA, S.L. e a coordinación de Seguridade e Saúde pola UTE TREPIL-INOR, que levou a cabo o estudo e análise dos itinerarios seguros durante a execución da obra.
- Recóllese tamén no citado informe de Infraestruturas que a peza rectangular de chanzo de formigón para facilitar o acceso á vivenda, cumpría coas dimensións e criterios indicados no RD 486/1995 polo que se establecen as disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nos lugares de traballo.
- Recóllese no informe da Policía Local de A Guarda, aportado polo reclamante xunto coa instancia, que a petición da esposa de D. Manuel Martínez *“se le dio la vuelta al bordillo quedando con las esquinas a 90 grados (totalmente plana)”*, tras comentar esta que o escalón tiña unha esquina un pouco redondeada o que lle daba sensación de inseguridade.
- Asemade, relátase no citado informe da Policía Local que *“Se comprobó por parte de los agentes que este escalón se encontraba firme, puesto que al pisarlo no se notaba ningún movimiento”*.
- A empresa que estaba a realizar as obras, ORESA, S.L., manifesta que cumpriu durante a execución das obras con todas as medidas de seguridade establecidas e verificadas pola UTE TREPIL-INOR respecto da coordinación de seguridade e saúde.

Considerando.- Que non se acredita a baixa médica nin o tratamento rehabilitador ata o día 31/05/2019 tal e como manifesta na instancia, pois o único informe médico que aportou é o de asistencia ó Servizo de Urxencias.



Considerando.- Que, asemade, tampouco se aporta ditame pericial de secuelas que acredite o prexuízo moral que di sufrir o reclamante por perda de calidade de vida.

Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, o que ven suxerir que a súa xénese e dinámica reside na actitude tórpida ou pouco dilixente do accidentado, que non prestou atención á saída da súa vivenda e non reparou en que a rampa de acceso fora substituída por un escalón de formigón.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... *El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...*” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“...*aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...*”
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“*Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...). Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...*”
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:
“...*el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...*”



- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.
- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que M^a. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.

Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra e 5/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.



33.31331.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2022006480 que contén 8 facturas e por un importe de 3.196,70 € e con CSV: 4L1TWV59NOOK3HR0, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 10 de febreiro de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	3.556,70 €
Descontos do IRPF.....	360,00€
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	3.196,70 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

b) Vista a relación de facturas con número 2022006512 que contén 6 facturas e por un importe de 8.098,22€ e con CSV: 2SW0BIN8LN8ZHF0R, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 10 de febreiro de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	8.098,22 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	8.098,22 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



34.31332.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

35.31333.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e catorce minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario (p.s.) que dou fe.

